

## REUNIÓN COMISIÓN DE SEGUIMENTO DA SEGUNDA ACTIVIDADE SPIF

Santiago de Compostela 21/12/23

Hoxe tivo lugar a reunión da Comisión de seguimento e interpretación e control do Acordo para aplicar a segunda actividade do SPCIF.

A Consellería remitiu o **borrador de convocatoria** que inclúe a **relación de prazas de persoal laboral vacantes e non vinculadas á extinción de incendios**, como ven sendo habitual, tanto as da Consellería como as de AGACAL, todas as que hai dentro do ámbito de Medio Rural.

Ao igual que en anteriores convocatorias, o persoal que poida acceder ten que cumprir os requisitos da praza, posto que, segundo se nos comenta, atópanse con solicitantes de prazas de Oficial agrario, primeira e segunda, nos que existe o problema por carecer da titulación.

UGT solicitou información ao respecto da **emenda que estaba incluída na Lei de acompañamento dos orzamentos** deste ano, que incluía a posibilidade de que o persoal funcionarizado solicitase a segunda actividade. Requirimos **saber o motivo polo que non está no documento final** tratado no Parlamento.

UGT insta a súa **incorporación e negociación**, en atención ao **mantemento da medida** que como persoal se viña aplicando e que en atención ao Acordo de concertación debe continuar **como persoal funcionario**.

Responde a **Dirección Xeral da Función Pública** informando que o **Acordo de concertación** asinado coas OOS contemplaba que **na funcionarización se mantían as condicións de traballo e demais**, do persoal que se funcionarizara, co cal **engadiuse na Lei de acompañamento unha proposta para traer ao persoal funcionario a segunda actividade** tal cal está agora mesmo para o persoal laboral bombeiro forestal. Consideran que esta **medida non supón un incremento orzamentario** porque si foran todos laborais terían dereito á segunda actividade.

A dita **emenda, por razóns non de Función Pública, desapareceu da Lei de acompañamento** e o Director xa comentou que no mes de xaneiro iniciárase unha negociación para o persoal funcionario bombeiro que seguramente abranguera a máis persoal.

